

Asunto: **ALEGACIÓNS** ao **ACORDO** do 19 de novembro de 2024, do **Departamento Territorial de Ourense**, polo que se **somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 132 kV Evacuación Parque Eólico Uxo, situada nos concellos de Avión, na provincia de Ourense, e A Lama, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/174).**


Don/Dona _____, con **DNI** _____, e domicilio a efectos de notificacións no _____, e enderezos de correo electrónico: _____, que en tempo e forma, pola presente e en relación co aludido anuncio, procédense a expoñer as **ALEGACIÓNS**:

1 PRIMEIRA. - MINIMIZACIÓN E INCORRECTA AVALIACIÓN DOS IMPACTOS AMBIENTAIS DO CONXUNTO DAS INFRAESTRUTURAS PREVISTAS NA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO DA LAT 132 KV EVACUACIÓN PARQUE EÓLICO UXO

Existe un conxunto de **parques eólicos e infraestruturas de evacuación e conexión** que tramítanse como **proxectos independentes** aos efectos da correspondente **Avaliación de Impacto Ambiental**, pese a estar **interconectados**.

Os proxectos industriais tramítanse como proxectos independentes e **fragmentados/troceados** aos efectos da **Avaliación de Impacto Ambiental**, polo que dilúense estes impactos, frustrándose a finalidade da avaliación ambiental. A **protección do medio ambiente** non pode estar **supeditada** aos intereses **empresariais**.

O proxecto da **LAT 132 KV EVACUACIÓN PARQUE EÓLICO UXO** debería ser obxecto de **avaliación ambiental conxunta** cos proxectos dos **parques eólicos**, xa que tanto as **instalacións de xeración** como as súas **infraestruturas evacuación** asociadas conforman un **todo unitario**. Adxunto **plano** coa **fragmentación** de todos os proxectos afectados pola **LAT**:



2 SEGUNDA. - LÍNEA DE EVACUACIÓN DE PARQUE EÓLICO NO QUE O TSXG ADOPTOU A SUSPENSIÓN CAUTELAR DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERGÉTICA Y RECURSOS NATURALES

O **P.E. Uxo** que se conecta á **liña de evacuación**, a día de **03/01/2025**, encóntrase con **suspensión cautelar**:

Parque	Concellos	Empresa	Recorrente	Decisión do TSXG	Data
Uxo	Avión	Naturgy	Petón do Lobo	Suspendido	1 abril 2024

Non é xustificativo executar unha liña de evacuación de un **parque eólico** no que actualmente o **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** ten en **suspensión cautelar** os acordos da **Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais** para a súa execución.

3 TERCEIRA. - FALTA DE PARQUES EÓLICOS EN EL ESTUDIO DE SINERGIAS

No **Anexo 5** do **EIA** non se tivo en conta no estudo de **sinerxias** os **parques eólicos** tramitados no **"Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico"** como poden ser: **PE Hedreira, PE El Greco, PE Carballoso**, a **conexión Beariz 400 KV - eixe Sur** e a **LAT Fontefría - Fronteira Portugal**.

4 **CUARTA. - AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA E PERMANENTE DURANTE A VIDA ÚTIL DA LAT 132 KV EVACUACIÓN PARQUE EÓLICO UXO**

No Anexo 5 do EIA cando se fala de "Accesibilidade visual acumulada desde los observadores potenciales" o proxecto di o seguinte:

"Una vez examinada la visibilidad acumulada del total de infraestructuras localizadas en el ámbito de estudio, y la accesibilidad añadida tras la implementación de la LAT, se pretende identificar como afecta esta incidencia acumulada al paisaje del propio ámbito.

Para ello se busca conocer el número de infraestructuras (parque eólicos y apoyos de las líneas de alta tensión) desde cada Zona de Concentración de Potenciales Observadores.

(...)

Tras los resultados del análisis y correspondiente cálculo (visibles en el Plano 5), los puntos con menor afección visual acumulada por parte de los proyectos dentro del ámbito de estudio son las poblaciones de Abelenda, Doade, Mouriscados, Pigarzos, Rubillon, San Vicenzo y Taboazas, las carreteras OU-0415 y OU-212 y las Igrexa de Santa María de Baiste, en las que son visibles entre 1 y 20 infraestructuras"

Dando a entender que a la LAT será visible dende só 7 núcleos. Non sabemos qué criterio seguen para definir os principais núcleos poboacionais, pero cunha simple vista ao PBA de Galicia e a definición de "Asentamentos" do Catálogo das Paisaxes de Galicia podemos observar máis de 40 núcleos afectados.


5 **QUINTA. - O ÁMBITO XEOGRÁFICO DE DESARROLLO DA LAT 132 KV EVACUACIÓN PARQUE EÓLICO UXO É OBXECTO DUNHA EXCESIVA SATURACIÓN DE AEROXERADORES E LAT'S**

Dacordo o Rexistro Eólico de Galicia existe un total de 653 aeroxeradores en funcionamento, autorizados ou en obras, ao redor de 20 km da LAT en estudo.

6 **SEXTA. - AFECCIÓN SEVERA AO MEDIO NATURAL E PATRIMONIAL, TENDO EN CONTA A SENSIBILIDADE AMBIENTAL DA ÁREA DE IMPLANTACIÓN DA LAT, COÑECIDA COMO SERRA DO SUÍDO**

A LAT circula de forma paralela, e a menos de 20 metros, da Área Especial de Interese Paisaxístico (AEIP) da Serra do Suido. Esta mesma AEIP foi proposta pola Xunta de Galicia no ano 2011 como novo LIC para a ampliación da rede Natura 2000 de Galicia.

Cabe sinalar tamén que a LAT atravesa sobre unha zona de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión e no Anexo 9 do EIA, nos puntos 6 e 8 de medidas protectoras, repetidas entre elas, limitanse a propor unhas medidas xenéricas.



SOLICITA: Unha declaración NEGATIVA da Autorización Administrativa Previa e de Construción, REXEITAR o Estudo de Impacto Ambiental (EIA), a NON Declaración de Utilidade Pública, e REXEITAR o proxecto de execución LAT 132 KV EVACUACIÓN PARQUE EÓLICO UXO, promovido por Naturgy. E para que así conste, aos efectos oportunos, firmo a presente no lugar e data abaixo indicados,

[Espazo reservado para a firma e o selo do titular da declaración.]

En _____, na data _____.